

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO. 30 DE XUÑO  
DE 2015

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Silleda, o día 30 de xuño de 2015 ás 11:05 horas e baixo a Presidencia de D. Manuel Cuíña Fernández, Alcalde da Corporación, reúnen os señores concelleiros á marxe expresados, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada o día 25 de xuño de 2015.

**ASISTENTES**

**Alcalde**

D. Manuel Cuíña Fernández

**Concelleiros**

Dna. Ana Luisa González Costa

D. Klaus Brey Montaña

D. Jesús Taboada Lázara

Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Peón Iglesias

Dna M<sup>a</sup> José Fernández Rodríguez

D. Luis Rodríguez Vázquez

D. José Luis Espiño Espantoso

Dna. Natalia Iglesias Méndez

D. Ignacio Maril Pardo

D. José Antonio Ramos Dobarro

Dna M<sup>a</sup>del Carmen Folla González

D. Matías Rodríguez da Torre

**SECRETARIA**

María Cacharro López

**INTERVENTOR**

Manuel Quintáns Queiruga

Da fe do acto María Cacharro López, Secretaria da Corporación.

Ábrese a sesión polo Presidente e foron tratados os seguintes

**ASUNTOS**

**PRIMEIRO. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DO 2015**

O Sr. Alcalde da lectura á memoria do proxecto de orzamento para 2015, do seguinte teor:

*"INTRODUCCION.- Ao facer unha Memoria dos Orzamentos, resulta imprescindible referirse ao contexto económico en que nos movemos, sempre comezando coa situación da débeda da Fundación Semana Verde, hoxe resolta, e co resultado final de 3 novos inmobles que se van aricar a fins de interese público. Imprescindible igualmente unha sinxela referencia ao contexto político: os Orzamentos do 2015 foron rexeitados polos votos en contra da oposición en Decembro 2014 (6 do PP e 1 do BNG), e hoxe, logo das últimas eleccións locais (e cos axustes económicos derivados dos 6 meses pasados), se traen de novo para a súa aprobación plenaria pola nova Corporación*

**A.- Débeda da FUNDACION SEMANA VERDE.**

*Estamos diante dun elemento capital na economía municipal, do que hai que dicir neste trámite que, despois de tantos anos de voltas e mais voltas, chegouse a un acordo coa FUNDACION para liquidar esta problemática, instrumentada a traveso do acordo plenario de 15 de Decembro 2014 e a posterior sinatura do contrato entre Concello e Fundación do 18, que rematou este contencioso. Falar dun acordo histórico, aínda que xa está moi gastado o vocabulo, non é unha esaxeración. A liquidación e compensación de débedas entre FUNDACION SEMANA VERDE e CONCELLO DE SILLEDA a 31-12-2013 se expresa no acordo e contrato aludido, ó que me remito, por ser de todos coñecido.*

*B.- O déficit do 2013 se situou en - 396.327,10 €, que foi cuberto co superávit dos Orzamentos do 2014, coa concreción definitiva na liquidación de 2014, que arroxou un superávit de + 196.112,88 €. Todo un xiro positivo na economía municipal en só un exercicio, e logo de resolver o problema*

*Aprobada na sesión ordinaria do 30/07/2015.*



endémico da débeda da FUNDACION. Nestes Orzamentos podemos dispoñer dun maior volume de fondos propios, que, como se verá de seguido, permitirá acometer unhas importantes inversións, mais salientables nestes tempos que corren.

C.- Das resolucións xudiciais que están pendentes por débedas atrasadas, unha vez pechada a maioría delas no 2014, nos resta o caso de Indeza. Para maior ilustración me remito aos informes do Secretario ao respecto que se achegan como Anexo nestes Orzamentos.

D.- A pesares de tódolos problemas existentes, se mantiveron inalterables as prestacións de servizos básicos, un logro que compre salientar, abastecemento de auga, servizo de axuda a domicilio, servizo lúdico-recreativo, recollida de residuos sólidos urbanos, EDAR (cos seus problemas neste caso), Escola de Música e servizos sociais, culturais e deportivos varios, amén das subvencións as entidades culturais e deportivas e de servizos de menor cuantía.

E.- As inversións previstas, moitas delas xa executadas, son as seguintes: **VI.- Inversións. 1.122.776,80 €**

Os gastos de investimento financiarán as obras que se citan no listado:

| OBRA/ACTUACION   | TOTAL               | Subvención        | Fondos Propios    |
|--|---------------------|-------------------|-------------------|
| FEADER. Rehabilitación Rúa posterior Igrexa Silleda  | 62.093,33           | 40.000,00         | 22.093,33         |
| Obras Infraestructuras varias (Pequenas obras) Pendentes de decidir no exercicio.  | 70.000,00           |                   | 70.000,00         |
| Edificio Residencia da 3ª Idade.   | 250.000,00          |                   | 250.000,00        |
| FEADER. "Caldeira de pellets Casa Cultura Silleda"   | 28.556,00           | 17.700,00         | 10.856,00         |
| Remodelación Edificio Escola de Musica   | 60.000,00           |                   | 60.000,00         |
| Obras en locais Sociais nas Parroquias   | 15.000,00           |                   | 15.000,00         |
| Repar. Mantemento e conservación. Creación de espazos biosaludables e parladoiros. Programa LEADER   | 24.539,04           | 10.140,10         | 14.398,94         |
| Plan Micro-Creditos Emprendedores. Aportacion Municipal 2015   | 15.000,00           |                   | 15.000,00         |
| Repar. Mantemento e conservación. Fondo de compens. Ambiental  | 45.502,49           | 34.079,36         | 11.423,13         |
| Renovación sistema iluminación. Mellora Iluminación R/Trasdeza   |                     |                   |                   |
| Mellora dos camiños de uso público contornas de Carboeiro e Ferverza do Toxa   | 13.149,73           | 13.149,73         |                   |
| Outros investimentos, reposición de infraestructuras. Cons. Industria  |                     |                   |                   |
| POS 20151.   | 336.553,00          | 336.553,00        |                   |
| 1.Campo Festa Breixa (25.581,37),<br>2.Repintado Cascos Urbans Silleda-Bandeira (55.039,83)<br>3.Mellora R/Lavadoiro/Escaleiras Pr.C.J.Cela (54.000),<br>4. Mellora Ef. Enerxética Silleda (120.873,24)<br>5. Instalación ascensor C. Cultura (61.058,56),<br>6. Patio Cuberto CEIP Silleda (20.000) |                     |                   |                   |
| Arranxo Pista Xestoso  | 20.000,00           |                   | 20.000,00         |
| PLAN MARCO. Mellora Camiños Andamollo-Medelo, Martixe, Paradela e Penido   | 162.383,21          | 134.201,00        | 28.182,21         |
| Remodelación Cuberta Centro Social Silleda   | 20.000,00           |                   | 20.000,00         |
|  |                     |                   |                   |
| <b>TOTAL CAPITULO VI. INVERSIONS REAIS</b>   | <b>1.122.776,80</b> | <b>585.823,19</b> | <b>536.953,61</b> |

Este Capítulo de Inversións programadas –sen prexuízo da súa ampliación- do que hai que dicir, en primeiro lugar, que acadamos unha cuantía mais que salientable: 1.122.776,80 €, merece este breve resumo:


- Vamos atender as inversións que se citan neste cadro, ao que me remito para evitar repeticións innecesarias.
- O edificio que nos transmite a FUNDACION SEMANA VERDE, de 1.819 m2 edificados, se vai a destinar a Escola de Música Municipal, cunha inversión prevista de 60.000 € de adaptación.
- Vamos aricar uns fondos notables –por ser exclusivamente municipais- de 250.000 € para un importante obxectivo: a construción da Residencia da Terceira Idade, nos terreos adquiridos a FUNDACION, dotado cunha financiación de 250.000 € para este exercicio, que se dividirá en 2 fases, para o que contamos cunha doazón, cumpre subliñar, de un veciño, Avelino Ramos, por importe de 200.000 € -non computados nos Orzamentos-. Todo un esforzo xa que se financia integramente coas arcas municipais, hai que dicir.

#### **Outras Observacións:**

1. Se crea unha partida de 80.000 €, denominada Fondo de Continxencias. Servirá para financiar actividades que xurdan durante o exercicio ou para cubrir desfases orzamentarios, e, nese senso, coma unha partida de salvagarda para manter o principio de estabilidade orzamentaria, correctora de posibles incidencias deficitarias.
2. A Mesa de Persoal celebrada en Decembro cos representantes dos funcionarios/traballadores e os Sindicatos CIGA, CCOO e CSIF resultou moi positiva, nos termos que se recollen na Acta que consta na documentación destes Orzamentos
3. Se crea consignación orzamentaria para o “Plan Micro-Créditos Emprendedores”. Aportación Municipal 2015 por importe de 15.000 €

#### **BASES DO PLAN:**

- Convenio con Entidade Bancaria
  - Creación de Oficina Municipal de Atención atendida por un funcionario (sen custes)
  - O Concello tramitará e valorará as solicitudes e as informará favorablemente
  - O Concello canalizará os interesados ao Banco
  - O Banco concederá o crédito
  - O Concello poderá financiar: o custe da carga financeira, ou conceder unha subvención o emprendedor.
4. Está programada unha renovación contractual do crédito con ABANCA baixo a premisa dunha rebaixa do tipo de interese (euribor, 0,165 + 1,3 puntos), que suporá reducir case a metade o custe actual. Idem co BBVA.
  5. Restan 70.000 €, “Obras e Infraestructuras varias”, para atender pequenas actuacións/obras por decidir.
  6. Está pendente de asinarse o acordo ao que se chegou con TELEFONICA: 6.000 € de atrasos, 7.000 de renda anual por 3 anos, coa obriga de cambiar a fibra óptica nese período, deixando as instalacións ao seu remate.
  7. Se habilita unha partida de 13.100 € para sufragar a RPT, xa contratada.
  8. Se vai a crear a praza de Arquitecto en réxime laboral a tempo parcial e se convocará o correspondente proceso selectivo. Hoxe temos un Arquitecto con contrato inicial de prestación de servizos que, logo da sentenza do Xulgado do Social, se atopa contratado en réxime laboral indefinido, non fixo, situación que permite legalmente esa convocatoria, quedando amortizado o posto de traballo actual logo dese proceso de selección”.



O Sr. Alcalde remata a súa intervención facendo especial incidencia na redución do gasto de persoal respecto ao de mandatos de gobernos doutro signo e, finalmente, da lectura ao resumo por Capítulos.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Espiño, para chamar a atención sobre algunhas discordancias que atopou entre o documento que se lles entregou en papel e o que se lles enviara por correo electrónico, o que debería supoñer a retirada do asunto da orde do día.

Pola Presidencia respóndese que, se e necesario, o Sr. Interventor aclarará algún concepto concreto, pero non ve motivo para adiar a aprobación do orzamento.

Pasando a comentar o documento en papel, o Sr. Espiño sinala que bota a faltar cousas, por exemplo unha previsión para solventar a débeda con Espina e Delfín. Ademais, atopa o orzamento moi inflado, con importantes desviacións, e solicita diversas aclaracións, en particular sobre o plan de micro-créditos.

De seguido, pasa a facer a súa exposición o Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG no grupo Mixto. Logo de facer unhas puntualizacións sobre as razóns da non aprobación do orzamento en prazo, bota en falta algunhas previsións de investimentos, en especial en emerxencia social, subvencións en material cultural, sinalización turística, en Carboeiro, etc. Aparte de criticar a denominación do "Centro de día residencial", pregunta pola negociación con outras administracións para o seu financiamento. Discrepa de que as subvencións do programa de micro-créditos non sexan a fondo perdido, e ademais parécenlle insuficiente a dotación. No apartado dos ingresos, ten dúbidas sobre a xustificación da subida da taxa da recollida de residuos. Bota en falta unha verdadeira política de normalización lingüística, que é algo máis que a mera dinamización que se está a facer en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Critica a privatización do Servizo de Asistencia no Fogar e, finalmente, bota en falta a preceptiva reunión coa Mesa Sindical, porque considera que a que se fixo en decembro xa non é válida.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para aclarar que, respecto da débeda de Espina e Delfín, non hai nada reclamado nin hai previsións de que o faga neste exercicio. Centrando a cuestión nos orzamentos para 2015, que é o asunto que se está a tratar neste Pleno, discrepa do calificativo de "inflado", cando a experiencia noutros exercicios é que quedou remanente de Tesourería. En canto aos micro-créditos, trátase dunha experiencia nova que debe ser desenvolta coas achegas de todos. Coincide coa oposición en que os gastos xurídicos son desproporcionados, e desexaría que non foran necesarios para pagar pola xestión dos gobernos do PP. Xustifica a baixa na dotación para festas gastronómicas na correlativa minoración da subvención da Xunta. Explica os incrementos que si se produciron para emerxencia social. Respecto das sinalizacións, fíxose un estudo das necesidades, para agora buscar financiamento externo aparte do que se acometa con fondos propios, e niso se está. No tocante ao centro de día, informa de que non deron resultado as negociacións con outras Administracións, e tan so se acadou un compromiso da Xunta para dotar de equipamento o edificio unha vez que estea construído. Chama ao tema en relación coas preguntas da oposición sobre os modos de xestión dos servizos, xa que se trata de cuestións vinculadas pero non incluídas no orzamento, que é o que verdadeiramente se está a tratar. Finalmente, considera válida a reunión coa representación do persoal que tivo lugar en decembro, xa que o documento que se presenta a aprobación é o mesmo que daquela.

Na quenda de réplica, o Sr. Espiño critica a imprecisión e a falta de información sobre cifras que considera relevantes. O Sr. Alcalde chama novamente ao tema, que son os orzamentos, instándolle a que deixe outras cuestións para o apartado de rogos e preguntas dun pleno ordinario.



Logo de protestar pola a retirada da palabra e de discutir o motivo, o Sr. Espiño pregunta polo modo de xestión da depuradora, e sinala que o tema de Carboeiro segue sen resposta. Respecto do persoal, se están a recortar dereitos aos traballadores. Pregunta se hai algún problema co arquitecto. Finalmente aclara que respecto dos micro-créditos tan so pide aclaracións.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez da Torre para discutir o feito de que se trate “dos mesmos orzamentos” que se presentaron en decembro, e sobre todo que isto teña que supoñer, en contra do manifestado polo Sr. Alcalde, o seu voto a favor. Puntualiza que o que había era un consenso nalgúns puntos. En canto ás ideas e suxerimentos que solicita o Alcalde, installe a que convoque a Xunta de Voceiros. Considera que é preciso prever unha cantidade para a débeda con Espina e Delfín, concretar a partida de desenvolvemento rural, dinamizar o comercio local. Solicita explicacións sobre o remanente de Tesourería. Critica tamén a subida do importe previsto para viaxes oficiais, protocolo, dietas, locomoción e combustible, e anuncia que presentará unha iniciativa para organizar un protocolo de uso de vehículos oficiais. Pide esclarecemento do destino da partida de participación cidadá. Finalmente, en canto aos micro-créditos, bota en falta un programa viable e rigoroso.

Novamente o Sr. Alcalde chama ao tema e a respectar a orde do día desta sesión, que non é debater sobre o estado do Concello, senon os orzamentos para este exercicio. Aclara que o denominado “gasto xurídico” non é, en contra do insinuado pola oposición, para pagar a un so avogado, senon para pagar intereses, sentenzas, etc. Non lle parece escandaloso o montante da previsión para dietas, sobre todo en comparación con algún concello veciño, nin os de protocolo, que é algo institucional.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), 5 votos en contra (concelleiros do grupo municipal do PP) e unha abstención (concelleiro do BNG).

Polo exposto, o Pleno acorda: APROBAR INICIALMENTE o Orzamento xeral do Concello de Silleda para o exercicio económico 2015, xunto coas súas bases de execución e a plantilla, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

| ORZAMENTOS 2015. RESUMO POR CAPITULOS |                         |                       |                           |                      |
|---------------------------------------|-------------------------|-----------------------|---------------------------|----------------------|
| Capítulos                             | Concepto                | Orzamento Ingresos    | Concepto                  | Orzamento Gastos     |
| Capítulo 1                            | IMPOSTOS DIRECTOS       | 1.708.483,35 €        | GASTOS PERSONAL           | 1.909.155,85 €       |
| Capítulo 2                            | INDIRECTOS              | 60.000,00 €           | GASTOS B Y S CORRIENTES   | 2.809.733,62 €       |
| Capítulo 3                            | TASAS                   | 1.325.372,65 €        | GASTOS FINANCIEROS        | 192.760,89 €         |
| Capítulo 4                            | TRANSFERENC. CORRIENTES | 2.717.417,81 €        | TRANSFERENCIAS CORRIENTES | 156.303,50 €         |
| Capítulo 5                            | INGRESOS PATRIMONIAIS   | 4.000,00 €            | FONDO CONTINXENCIAS       | 80.000,00€           |
| Capítulo 6                            |                         | 0,00 €                | INVERSIONES REALES        | 1.122.776,80 €       |
| Capítulo 7                            | TRANSFERENC. CAPITAL    | 656.726,19 €          | PASIVOS FINANCIEROS       |                      |
| Capítulo 8                            |                         |                       | ACTIVOS FINANCEIROS       | 12.000,00 €          |
| Capítulo 9                            |                         |                       | PASIVOS FINANCIEROS       | 190.269,34 €         |
| <b>TOTAL</b>                          |                         | <b>6.473.000,00 €</b> |                           | <b>6.473.000,00€</b> |

De acordo co artigo 169.1 do Texto refundido da Ley de Facendas Locais, este documento exporase ao público, previo anuncio no BOP de Pontevedra durante 15 días, durante os cales poderán os interesados examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante este prazo non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo dun mes para resolvelas.

**SEGUNDO. PROPOSTA ALCALDÍA. MANTEMENTO DOS ACTUAIS TIPOS IMPOSITIVOS DO IBI, SEN MODIFICACIÓN, PARA O 2016 LOGO DO INCREMENTO LEGAL ESTABLECIDO NO ANO 2013 (ART. 8 LEI 16/2013) QUE FORON DE APLICACIÓN NOS EXERCICIOS 2013, 2014 E 2015**

O Sr. Alcalde explica que o acordo que se propón adoptar é para ter unha seguridade ata fin de ano. Namentres que o Sr. Espiño non pon obxeccións e adhírese ás propostas feitas na Comisión Informativa de Facenda sobre a atención ás persoas menos favorecidas, o Sr. Rodríguez da Torre discute a necesidade de traer este asunto ao Pleno, xa que forma parte dos Orzamentos, e remítese ao explicado na Comisión Informativa e aos medios de comunicación sobre as súas propostas de beneficios fiscais aos inmobles que formen parte do patrimonio cultural e para as rendas máis baixas. Defende tamén a tributación das propiedades da Igrexa Católica non dedicadas ao culto. O Sr. Alcalde explica que o punto introduciuse separada na orde do día por recomendación da Intervención, e tendo en conta certos precedentes co Ministerio. Tal e como dixo na Comisión Informativa, estúdiarase a proposta sobre as deducións e, no relativo á tributación de determinados inmobles da Igrexa, está de acordo, non é por falta de interese.

Sometido a votación este asunto, é aprobado por 7 votos a favor (concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e 6 abstencións (concelleiros do grupo municipal do PP e concelleiro do BNG).

Polo exposto, o Pleno acorda: manter os actuais tipos impositivos do IBI, sen modificación, para o ano 2016, logo do incremento legal establecido no ano 2013 (art. 8 Lei 16/2013) que foron de aplicación nos exercicios 2013, 2014 e 2015.

Tipos vixentes:

Bens inmobles urbana: 0,60

Bens inmobles rústicos: 0,43

Bens inmobles características especiais: 1,30

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión ás 12:55 horas, do que, como Secretaria, dou fe.



Manuel Cuña Fernández



María Cacharro López